

## **VII TRAIL PADERNE DE ALLARIZ – REGULAMENTO**

### **1.- LUGAR, DATA E HORA:**

Lugar: A saída e chegada terá lugar no Polideportivo de Paderne de Allariz ( Ourense)

Data: Domingo, 22 de Marzo do 2026

**Hora: Saída TRAIL 25k 09:15 h Saída Trail 15k: 10.00 h**

### **2.- A PROBA:**

Proba amateur con saída e chegada no Polideportivo de Paderne de Allariz, Ourense. O percorrido discurrirá polos montes do Concello de Paderne,  
A proba constará de: TRAIL 25K Y TRAIL 14K.

O mal tempo non será impedimento para a celebración da proba. Salvo cas alertas metereolóxicas emitidas polo CAE 112 impliquen un risco non asumible para o participante. A organización poderá interromper a proba en calquer punto se considera que poida haber serio perigo para a integridade física dos corredores, ou en casos de forza maior.

### **3.- PARTICIPANTES:**

Para participar na proba cada inscrito deberá levar o dorsal de forma visible para facilitar o labor de control da proba

. Tódolos participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados e a respetar as normas de circulación nos cruces e estradas.

É obrigatorio utilizar roupa e calzado adecuado para carreiras de montaña, autorizándose a utilización de bastóns.

Os participantes corren baixo a súa responsabilidade. Sobre eles recae a decisión da saída e realización da carreira. É responsabilidade de cada participante estar fisicamente preparado para realizar a proba.

Os participantes eximen á organización das reclamacións ou demandas basadas en supostas accións ou non acción dos participantes u outros que actuen ó seu favor, así como das demandas resultantes dos danos que poidan sucederlles a eles como aos seus materiais. Os participantes o proceder a súa inscrición asumen todos os apartados deste regulamento.

### **4.- VOLUNTARIOS:**

Prestarán asistencia e facilitarán información aos corredores un grupo de voluntarios claramente identificados, situados en cruces e avituallamentos.

## **5.- A ORGANIZACIÓN:**

Correrá a cargo del Club RunManiak Box001 Ourense, con la colaboración del Concello de Paderne de Allariz

Resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a súa suspensión en caso de condicións meteorolóxicas adversas .

Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión.

O percorrido non estará pechado ó tráfico polo que hai que respetar o código de circulación e extremar as precaucións ó cruzar calquera estrada ou ao chegar a un cruce.

A organización resérvase os dereitos exclusivos sobre as imaxes, vídeo e información da proba, nas que poidan aparecer participantes que permite coa inscrición o seu uso e distribución e para utilizar este material para a publicidade, relacións públicas ou outros fins xornalísticos ou promoción do evento. Calquera proxecto multimedia ou publicidade ten que ter o consentimento previo da organización. Para todo o non especificado no regulamento a comisión organizadora disporá unha solución o antes posible.

**Asimismo al inscribirse a esta proba aceptan participar Liga Ourense de Trail e aparecer no Ranking Provincial que aparecerá na web [www.ourensetrail.com](http://www.ourensetrail.com), polo que ceden os seus datos a citada Liga Ourensana de Trail.**

## **6.-CATEGORÍAS:**

ABSOLUTO FEMENINA E MASCULINA

SENIOR (FEMENINA E MASCULINA): participantes de menos de 40 anos no 1 de xaneiro do 2026

VETERANOS A (FEMENINA E MASCULINA): participantes de 40 anos a 49 anos no 1 de xaneiro do 2026

VETERANOS B (FEMENINA E MASCULINA): participantes maiores de 50 anos o 1 de xaneiro do 2026.

Poderán participar no TRAIL aquelas persoas maiores de 16 anos. Os menores de 16 anos que queiran participara no trail deberán entregar unha autorización firmada polos titores.( solo para la prueba de 15 Kms)

## **7.- PRAZAS, INSCRICIÓN e PREZO**

Se dispón de 250 prazas coa opción de ampliar a 300 en caso de que sea necesario.

A inscrición faise na web [www.saudeter.com](http://www.saudeter.com) ou [www.sportmaniacs.com](http://www.sportmaniacs.com)

A data de apertura de inscricións é o 1 de Febreiro do 2026

**A fecha de cierre de inscripciones será**

**Ata o mercores 11 de marzo as 22 horas o prezo para ambas distancias será de 18 euros**

**De o xoves 12 de marzo ata o mercores 18 de marzo a**

**O prezo para ambas distancias será de 22 euros e non se asegura talla de camiseta, sino según disponibilidad existente.**

## **8.- DORSAIS:**

Pódense recoller dende ás 8 horas do domingo 22 de marzo ata antes da saída de cada carreira.

Para poder retirar o dorsal hai que presentar o D.N.I.

Para poder retirar o dorsal unha terceira persoa ten que presentar unha fotocopia do D.N.I. do titular de dito dorsal e a autorización de recollida correctamente cuberta.

## **9.- SEGURO**

Todos os participantes contarán con seguro de accidentes durante a proba, sempre que non sexan provocados por unha imprudencia do participante. A organización iníbese de calquer accidente que sufra o participante fora do percorrido.

## **10.- AVITUALLAMIENTOS**

TRAIL 25K avituallamento líquido e sólido no km 7 , 14 e 21 aproximadamente.

TRAIL 15K avituallamento líquido e sólido no km 7 e 11 aproximadamente

Avituallamento final líquido e sólido na meta.

Os avituallamentos encóntranse en lugares visibles e sinalados. Recoméndase o participante levar sistema de hidratación propio. Disporase de contedores para residuos orgánicos e envoltorios de plástico. Non existirá ningún punto para depositar basura pasado o control de avituallamento. Está prohibido o avituallamento e a axuda externa durante o desenvolvemento da carreira de calquer persoa non participante. Así mesmo está prohibido saír da zona de avituallamento con calquer tipo de envase ou envoltorio

## **11.-DUCHAS Y GUARDARROPA**

O Concello de Paderne pon a disposición dos corredores un servizo de duchas y guardarropa no polideportivo.

## **12.- MATERIAL OBRIGATORIO**

Teléfono móvil con batería cargada.

**Contenedor de agua. ( no se suministran vasos ni envases de plástico en los avituallamientos)**

Zapatillas de montaña

Dito material ten que estar visible no momento de entrar na zona de saída para poder chequear.

Non dispor deste material será motivo de descalificación.

## **13.- SINALIZACIÓN E CONTROIS:**

O percorrido estará sinalado con cinta de balizar e sinais, sendo obrigatorio o paso polos controis de paso que se establezan pola organización.

## **14.- RETIRADAS E TEMPOS DE CORTE.**

TRAIL 25K. TEMPO DE CORTE

- Corte avituallamento km 14 aproximadamente. 2,30 horas dende a saída (11:45 horas)
- Peche de meta: 4 horas e 30 minutos dende a saída (13:45 horas)

Así mesmo os corredores Escoba teñen a potestade para retirar da proba a calquera corredor se o seu estado de saúde así o aconsella.

## **15.- DESCALIFICACIÓN:**

Será descalificado todo o corredor que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou ensucie o entorno, non leve o seu dorsal ben visible, sexa imprudente ou temerario na desenvolvemento da proba, abandoe pola súa conta o percorrido marcado pola organización ou desatenda as indicacións da organización. A descalificación traerá consigo a perda dos dereitos do participante fixados no punto 9 deste regulamento.

## **16.- TROFEOS:**

Entregaranse os seguintes trofeos

A os tres primeiros clasificadas/os da categoría absoluta, tanto feminino coma masculino

Os tres primeiros clasificadas/os da categoría Senior e os das categorías Veteranos recibirán unha medalla conmemorativa, tanto feminino coma masculino.

NOTA: Os trofeos non son acumulativos.

A entrega de trofeos realizarase arredor da 12:30 horas.

O non estar presente na mesma, anularáse o dereito a recibir os mesmos.

## **17.- MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO**

O regulamento pode ser modificado en calquer momento pola organización, por previsión meteorolóxica ou por calquer tipo de circunstancia necesaria